

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

NEO RRETRANCA E POS MORRIÑA

de Esther F. Carrodegua e Roi Vidal Ponte,
dirixida por Gena Baamonde



XUNTA DE GALICIA

**NEO
RRETRANCA
E POS
MORRIÑA**

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura e Turismo a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal
www.centrodramatico.gal
 cdg.salonteatro
 cdg.salonteatro
 centrodramatico

Comunicación. Agadic

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal
www.agadic.gal
 agadic

*O ideal sería matar un porco
matalo no medio do espectáculo
xa que en si
a matanza dun porco
xa é un espectáculo
a matanza dun porco
en escena
é a metáfora perfecta
tamén sería un bo motor publicitario
unha obra de teatro que inclúa a matanza dun porco había de saír nas televisións
nas televisións locais e tamén nas nacionais
e nas estatais
e quizais poderíamos chegar á BBC
o chan ensanguentado dos teatros burgueses galegos dunha obra que fala sobre as nosas porcalladas
si
iso sería o ideal*


Esther F. Carrodegua
Fantasía nº 5 en sol ou non

*Chamámoslle país, pero non pasamos de ser
unha campaña publicitaria,
unha festa gastronómica,
un suicidio colectivo.*

Roi Vidal Ponte
Boisaca ou a divina desgraza

Índice

<i>Facemos piña</i> , Fefa Noia.....	05
<i>Neorretranca e posmorriña</i> , Gena Baamonde.....	06
Ficha artística.....	07
Funcións.....	08
Sinopse.....	09
A directora: Gena Baamonde.....	10
A dramaturga: Esther F. Carrodegua.....	12
O dramaturgo: Roi Vidal Ponte.....	14
O elenco.....	16
O equipo artístico.....	27



Facemos piña

Fefa Noia

Ao comezo dun proceso artístico, cando nos marcamos obxectivos, corremos o risco de sucumbir baixo o peso das grandes palabras, desaparecer á sombra de abstraccións totémicas. Víctimas dese medo, corremos tamén o risco de banalizar o tema último que queremos abordar, de enchelo con anécdotas, tan entretidas como triviais, que o fagan máis soportable para o público. Como se soubésemos o que quere o público, como se existise o público como colectivo unificado.

Ao comezo dun proceso artístico pecamos, en fin, de ilusos, porque estamos cheos de ilusión. Ilusión por achegarnos a un asunto co que nos semella esencial confrontar os espectadores, ilusión por aportar o noso gran a un debate que atravesa a historia, ilusión por pensar e facer pensar.

Con esta ilusión comecei dende o Centro Dramático Galego en 2015 o proxecto DramatUrxente de apoio á dramaturxia galega contemporánea. Así atopei en DramaturGa (Asociación Galega de Dramaturxia) unha cómplice perfecta e xenerosa, que tamén dende 2015 apoiou e colaborou no desenvolvemento desta iniciativa. Catro anos, catrocentas reunións e catro mil conversas telefónicas despois (conversa arriba conversa abaixo), chegamos á primeira produción propia do CDG froito directo deste esforzo: *Neorretranca e posmorriña*. Un título ben pensado e pensante para a posta en escena de

dúas das obras que se escribiron no grupo de traballo de dramaturgas e dramaturgos coordinado polo autor, actor e director Manuel Lorenzo, *DramaturXa*.

Esther F. Carrodegua e Roi Vidal Ponte foron as persoas escollidas, pero podería ter sido calquera das outras dez integrantes deste grupo: Lois Blanco, Ana Carreira, Santiago Cortegoso, Eva Ferreira, Gloria Rico, Ernesto Is, Zé Paredes, AveLina Pérez, Marta Pérez ou Rosa Puga Davila.

Así chegamos, dicía, a esta estrea de dramaturxia galega contemporánea, agardando que sexa a primeira de moitas, agardando que a engrenaxe non se deteña, que o diálogo entre o CDG e as nosas dramaturgas e dramaturgos siga fluíndo, para poder seguir materializando a declaración de intencións, ilusa se queren, que eu mesma redactei para a presentación da miña primeira temporada á fronte do CDG, e que continuamos a publicar a modo de votos renovados con cada nova temporada:

Porque as nosas autoras e autores son os portadores da(s) nosa(s) historias; porque é urxente apoialos e reivindicálos para entendérmonos mellor e para comprender o signo dos tempos que, dende este lugar no mundo que é Galicia, nos toca vivir. FAGAMOS PIÑA... FACEMOS PIÑA!

Neorretranca e posmorriña

Gena Baamonde

Neorretranca e posmorriña, dúas pezas sobre un mesmo sentir, caras diversas sobre unha mesma inqueda. A identidade galega como concepto inaprensible, como acción non rematada, como busca incesante. A cultura, a lingua, a escrita, hábitos e prácticas sociais, tradicións e mitos propios. Memoria compartida inzada de símbolos que ás veces non recoñecemos como nosos, que interpelan a imaxinación dunha comunidade non sempre en sintonía.

Neorretranca no punto de mira. Ironía e humor negro acompañado dunha crítica irreverente e a sensación de ter chegado a un punto de inflexión no camiño, onde hai que soltar lastre, onde hai que deixar atrás certos símbolos, algunhas certezas con aparencia de verdade que xa non lle acaen a case ninguén. Namentres, *Posmorriña* no horizonte, imaxinación dunha Galicia posible que aínda non coñecemos e que, así e todo, non deixamos de estrañar. Saudades dun territorio aberto e por explorar.

Fantasia nº 5 en sol ou non de Esther F. Carrodegua e *Boisaca ou a divina desgraza* de Roi Vidal Ponte, compoñentes inseparables dunha andaina que comeza co reto de entender Galicia máis alá dos tópicos, de explorar diversas caras dunha mesma moeda e, a un tempo, diversos camiños da creación escénica. Punto de partida en diálogo cun equipo creativo en continua escoita que, no proceso de ensaios, acaba por construír unha nova proposta dende un punto de vista crítico. Un elenco e un equipo formado por mulleres con perfís moi diversos, con puntos de vista moitas veces silenciados.

Fantasia nº 5 en sol ou non, sinfonía aberta ao xogo escénico, catálogo-secuencia de múltiples imaxes dunha terra por facer. *Collage*, onde as pezas non encaixan, nin así se pretende, só conviven nunha partitura á espera de ser tocada. *Fantasia ao Carrodegua*, danza da loita cotiá, unha imaxe que se repite, poñer edificios enormes onde había natureza, unha montaña de roupa de todas as historias de Galicia, anacos dunha terra en venda. Sabedoras de que non imos cambiar o mundo do teatro con esta matanza.

Boisaca ou a divina desgraza, humor negro en cemiterio turístico nun *tour* completo polos límites da vida. Unha viaxe polo alén, un paseo polos alicerces dun teatro institucional con asentos incómodos, festa gastronómica, minifundismo atávico e o tellado a piques de romper. Personaxes debuxados de migallas da memoria colectiva. Gargalladas caricaturescas. Sucesión de escenas nun limbo de identidades.

Aquí somos así, fantasía e desgraza, en sol ou non.

P.D. *Dedico este espectáculo a Dorotea Bárcena, actriz, dramaturga, directora, feminista e pioneira do teatro galego.*

Ficha artística

Textos: **Esther F. Carrodegua e Roi Vidal Ponte.**
Coa letra da canción *Teknotraficante [Farloppo ma non troppo]* de Os Papaqueixos
Dirección: **Gena Baamonde**

Elenco (por orde alfabética)

Ánxela Blanco
Areta Bolado
Olga Cameselle
Mercedes Castro
Raquel Espada
Anabell Gago
Atenea García
Andrea Quintana
María Roja
Laura Villaverde

Equipo artístico

Escenografía
Vestuario
Caracterización
Iluminación
Música orixinal e adestramento vocal

Marta Pazos
Saturna
Esther Quintas
Wilma Moutinho
Ailén Kendelman. Coas cancións: *Himno de Galicia.* Letra de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga; *Café Bar Sovia* e *Let's go little horse* de Fanfarria Taquikardia; e *La Guillotina* de Reveriano Soutullo e Juan Vert, interpretada pola Banda de Música Xuvenil de Xinzo baixo a dirección de Juan Carlos Díaz Álvarez
María Cabeza de Vaca

Coreografía e movemento escénico
Asesoría lingüística
Asesoría de maxia
Asistencia de escenografía
Asistencia de música
Asistencia de dirección
Asistencia de produción

Rosa Moledo
Mago Teto
Carmen Triñanes
María Alonso
Iria Azevedo
Hugo Torres

Realizacións

Escenografía e utilería
Vestuario
Caderno pedagóxico
Fotografías e vídeos
Ilustración
Deseño gráfico

Equipo técnico do CDG
Equipo técnico do CDG
Tamara Andrés (Gálix)
Miramemira
Blanca Millán
Trisquelia

Centro Dramático Galego

Dirección
Produción
Secretaría de dirección
Administrativa
Axudante de produción
Xestión
Prensa

Fefa Noia
Francisco Veiga
Manuela Domínguez
María José Varela
Laura Hevia
Manuela González
Ana Miragaya e Ana Rosales (Agadic)
Marcelina Calvo e Alberto Santamaría (Agadic)

Publicacións

Equipo técnico

Técnico de iluminación
Asistente de iluminación
Técnicos de son

Encargado de estrutura escénica
Tremoias

Auxiliar de imaxe e son
Encargado de talleres
Xastra
Limpeza

Juanjo Amado
Biqui Cabado
Antonio G. Budiño
e Guillermo Vázquez
Salvador Forján

Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites
Juan Carlos Pacios
Fernando Rodríguez
María Negreira
Marisol Pérez

Agradecementos

Á familia Baamonde, a David Barreiro, María Méndez, Yessi e María Alonso.
A todas as persoas que fan posible o programa do CDG de apoio á dramaturxia galega contemporánea DramatUrxente, con especial mención á Asociación Galega de Dramaturxia DramaturGA; ao coordinador do grupo de traballo DramaturXa, Manuel Lourenzo; ás autoras e autores integrantes do grupo (xunto con Esther F. Carrodegua e Roi Vidal Ponte): Lois Blanco, Ana Carreira, Santiago Cortegoso, Eva Ferreira, Gloria Rico, Ernesto Is, Zé Paredes, AveLina Pérez, Marta Pérez e Rosa Puga Davila; e a Cristina Domínguez e Xron pola súa colaboración.

Funcións

SANTIAGO DE COMPOSTELA. SALÓN TEATRO

Estrea	Xoves 11 de abril, ás 21.00 h
Funcións	Do 12 de abril ao 5 de maio
Horarios	Xoves, venres e sábados ás 20.30 h. Domingos ás 18.00 h
Funcións escolares	Martes 23, mércores 24 e luns 29 ás 10.30 h
Encontros co público	Os xoves ao finalizar a función
Domingos de conciliación	Taller de artes escénicas (con monicreques, teatro de sombras e moitos xogos máis) para as cativas e os cativos de 5 a 12 anos, os domingos 14, 21 e 28 de abril e 5 de maio mentres os maiores van ao teatro. Duración aproximada: 3 horas e media. De 17.30 a 21.00 h (inclúe recepción e recollida das rapazas e rapaces). Máximo: 30 participantes. Servizo gratuíto, previa reserva: 881867229 de 9.00 a 14.30 h (de luns a venres) ou en centro.dramatico.galego@xunta.gal
Venda de entradas	
Billeiteira do Salón Teatro	Dúas horas antes de cada función
Billeiteira electrónica	http://entradas.abanca.com Tel. 902 434 443
Prezo das localidades	10 euros
Descontos	40 % Estudantes, xubilados, maiores de 65 anos, usuarios do carné xove, desempregados, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC) 3x2 Se traes dúas persoas, invitámoste ao teatro. (Só no despacho de billetes do Salón Teatro) Domingos Día do Espectador: 5 euros

XIRA

MAIO

Venres 10	Teatro Municipal de Tui
Venres 17	Auditorio AFundación de Pontevedra
Venres 24 e sábado 25	Teatro Rosalía Castro da A Coruña
Venres 31	Teatro Municipal Lauro Olmo do Barco de Valdeorras

XUÑO

Xoves 6	Auditorio Municipal de Ourense
Venres 14	Auditorio Municipal de Rianxo

XULLO

Venres 5	Teatro Afundación de Vigo
----------	---------------------------

Sinopse

FANTASÍA Nº 5 EN SOL OU NON

Unha varredora baila levando a area que moveu a treboada de novo no seu sitio: recoloca o mundo atacado polo home. Alguén pinta no muro "Viva España". Unha vella agarda pola morte.

Mentres tanto, a moza que vai saír de marcha non sabe como combinar a saia de Zara co pano tan bonito da súa bisavoa. No micrófono, alguén berra: XA NON HAI TEMPO PARA APOIARSE NAS PAREDES. E na parede, alguén pinta: MIÑA NAI FALA GALEGO MI PADRE HABLA CASTELLANO 50 AÑOS FELICES

As vellas botan "gasofa" na terra para que medren as cenorias. E nós preguntámonos cando chegará unha xeración verdadeiramente apaixonada, unha desas de LUME (pero outro lume, eh!). En proskenio: a maleta.

BOISACA OU A DIVINA DESGRAZA

O dramaturgo, encarnado nunha actriz veterana, ten que escribir unha obra de teatro sobre a identidade nacional, coa posibilidade de que esta sexa representada no CDG. Para conseguilo, convoca a escritora Mary Shelley, para que o acompañe nunha viaxe ao outro mundo na procura do seu pai. No seu camiño encóntrase con algúns dos mortos que construíron, cada un co seu propio anaco, ese monstro que é a identidade nacional galega.



Gena Baamonde

A DIRECTORA

Directora de escena, actriz e creadora. Titulada Superior en Arte Dramática, e cun posgrao en Arte Dramática e mestrado en Artes Escénicas, é investigadora pre-doutoral para a Universidade de Vigo, onde desenvolve actualmente a súa tese de doutoramento, *Sexualidades des-xeneradas na práctica escénica contemporánea*. Forma parte do consello de redacción da *Revista Galega de Teatro*.

En 1989 entra a formar parte da compañía Matarile Teatro, coa que traballa como actriz en numerosos espectáculos, no equipo do Teatro Galán e no festival internacional de danza En Pé de Pedra.

En 1999 funda a compañía María a Parva, e asina a dirección e texto orixinal de *Mullerona*, *Xogo para nenas* e *Indignos*. Habitual da escena galega, traballa como actriz para numerosas compañías, e realiza asistencias en dirección e dramaturxia para o CDG, Factoría, Disque Danza, A Artística e Voadora. Forma parte, na creación e dirección, de diversos proxectos de A Artística, como *Des-memoria-2* e *Verde a tempo completo*, onde dirixe o espectáculo *Arquitectura da emoción*.

En 2017 dirixe *Elisa e Marcela* para A Panadaría, traballo que recibiu, entre outros, o Premio María Casares á Mellor Dirección e Mellor Texto Orixinal, o Premio Luísa Villalta de Igualdade e o XIV Premio LGBT do colectivo ALAS. Tamén dirixe os espectáculos *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos* para Matrioshka Teatro e *Nómades* para Xarope Tulú. Participa en *Mulleres en Acción. Violencia Zero* coa creación Proxecto T.E.C.O.R. Así mesmo, é conferenciante en numerosas xornadas e congresos sobre xénero, diversidade sexual e artes escénicas. Realiza tamén o comisariado e coordinación da xornada *A Marabunta, Mulleres artistas contra a violencia de xénero*, para a Deputación da Coruña.



Esther F. Carrodegua

A DRAMATURGA

Esta rianxeira asenta o seu currículo entre as letras, o audiovisual e o teatro. A súa escrita cabalga sobre os lindes que separan os xéneros, por este motivo, moitos dos seus textos son difíciles de clasificar. Premiada co Pedrón de Ouro polo relato *Subir o telón* (Edicións do Castro, 2008), con *Collage* (Barbantesa, 2011) reafírmase nunha escrita persoal e poética.

A partir de entón, a súa carreira profesional foi derivando de cara ao teatro. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia en 2016, déixase notar a súa formación previa como xornalista, non só na súa colaboración coa *Revista Galega de Teatro*, senón tamén no seu teatro, que xorde dunha necesidade vital de investigación. Así naceu *Voaxa e Carmín* (Difusora de Artes, Letras e Ideas, 2016. Premio Abrente de Textos Teatrais 2015), *Na butaca* (Ed. Galaxia, 2017, estreada con ButacaZero tamén en 2017) e *#camiños* (coprodución co Centro Dramático Galego).

A peza *Fantasia nº 5 en sol ou non* foi froito da súa participación en DramaturXa, grupo de traballo de dramaturxia do CDG na temporada 2017-18, coordinado por Manuel Lourenzo.



Roi Vidal Ponte

O DRAMATURGO

Roi Vidal Ponte é dramaturgo, poeta, crítico teatral, pedagogo e director de escena. Comezou a publicar a comezos de século pezas de teatro breve de inspiración surrealista como *Xulieta's Black Hole* (2007) e *Vampira* (2010), ambas en Casahamlet, ou *Historia dunha man* (2009, Laiovento). En 2016 foi seleccionado polo INAEM para o Programa Dramaturgias Actuales con *O asasinato de Zinaida Reich* e ese mesmo ano gañou o Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (modalidade adultos), convocado pola Agadic, con *Marcha fúnebre para un monicreque* (levada a escena por Os Monicreques de Kukas).

Gañou o XV Certame de Poesía Concello de Carral en 2012 cun libro de poemas titulado *Teatro* (Espiral Maior) e en 2017, o XII Premio Abrente para Textos Teatrais cunha peza dramática titulada *Poesía. Materiais para montar unha escena de cama* (Difusora). Titulado en Filoloxía e en Dirección de Escena, é membro do consello de redacción da *Revista Galega de Teatro* e foi un dos cofundadores de DramaturGa, Asociación Galega de Dramaturxia. Ademais, é autor de *Fóra de portas* (2014, Positivas), unha biografía novelada do seu pai, Roberto Vidal Bolaño.

A peza *Boisaca ou a divina desgraza* é froito da súa participación en DramaturXa, grupo de traballo de dramaturxia do CDG na temporada 2017-18, coordinado por Manuel Lourenzo.

0 elenco



Ánxela Blanco

Actriz cunha traxectoria de máis de dez anos nas artes escénicas. Ten traballado de xeito continuado con compañías como Pistacatro, tanto na súa faceta de intérprete como no ámbito da dirección ou a coreografía, entre outros.

Entre as súas pezas de creación independente podemos atopar *Voo*, *Ulises*, *Olivia* ou *Fume*.



Areta Bolado

Cofundadora da compañía A Panadaría, está licenciada en Interpretación Textual pola ESAD de Galicia. Dentro da súa propia compañía crea e actúa en *Pan! Pan!*, *Panamericana* e *Elisa e Marcela*, recibindo o Premio María Casares a mellor actriz secundaria polo primeiro e os Premios FETEGA e María Casares a mellor actriz protagonista polo último. Traballa coas compañías Nasdrovia Teatro, Anómico Teatro, Demolicións Ferreira, Aporía Escénica, Lagartijas Tiradas al Sol ou Voadora. É a directora de escena do conxunto Áureas, Premio Martín Códax 2017.



Olga Cameselle

Olga Cameselle Estévez comeza a súa andaina profesional no eido escénico no ano 1991, abordando traballos de teatro-danza dende a súa propia compañía e colaborando con outras agrupacións e artistas plásticos e audiovisuais en distintas propostas de vídeo-danza e performances. Na actualidade co-dirixe A Producións Artísticas xunto a Alfredo Rodríguez, desenvolvendo actividades escénicas e pedagóxicas.



Mercedes Castro

Estudou interpretación na RESAD, completando a súa formación actoral na escola de Juan Carlos Corazza.

En teatro traballa nas montaxes *Juegos para toda la familia* do CDN, *Martes de Carnaval* do CDG, *Cocina*, *Lo último que quiero*, *Amortal*, *La sospecha*, *Mucho ruido y pocas nueces* e *Noche de Reyes*, entre outras.

En cine participou en diversas producións, destacando *Los fantasmas de Goya*, de Milos Forman; *Vientos de agua*, de Juan José Campanella; *Camino*, de Javier Fesser; e *Flores de otro mundo*, de Itziar Bollaín. En televisión podemos vela en *Centro Médico*, *Pazo de Familia*, *Águila Roja*, *Cuéntame*, *Hospital Central* ou *Cuenta atrás*.



Raquel Espada

Formouse en Arte Dramática na RESAD para posteriormente trasladarse a Galicia, finalizando os seus estudos na ESAD de Vigo.

Foi becada pola Deputación da Coruña, realizando un máster en Interpretación ante a cámara na Central de Cine (Madrid). Completa a súa formación audiovisual e teatral con numerosos cursos intensivos de voz, interpretación e corpo impartidos por Laila Ripoll, Lidia Otón, Pepe Viyuela, ou Ernesto Arias, entre outros.

Ten traballado en teatro, cine e televisión, destacando a webserie *Nadía en cuesta* de Chus Gutiérrez, *O Faro*, *Forta* e *Cuéntame cómo pasó*.

Na actualidade forma parte da compañía Proyecto Amortal.



Anabell Gago

Iniciou a súa carreira profesional como actriz no ano 1994 da man de Roberto Vidal Bolaño, formando parte durante seis anos do elenco estable da súa compañía, Teatro do Aquí. Ese mesmo ano, comezou a súa formación en Espacio Aberto. Dende entón non deixou de formarse e traballar, colaborando con A Factoría, Berrobambán, A Artística, Eme2, Lagarta&Lagarta, Voadora ou co Centro Dramático Galego, entre outras compañías.

No 2013 creou, xunto a Lorena Conde e Chelo do Rejo, Matrioshka Teatro. Ten acadado o premio María Casares á mellor actriz en dúas ocasións.



Atenea García

Actriz e creadora escénica, titulada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. Reside durante dous anos na cidade de Buenos Aires, onde amplía a súa formación con Jessica Pinkus ou Ignacio Monna, entre outros. Trala súa volta a Galicia, traballa como actriz no Colectivo Avoayouja en varias das súas montaxes. No ano 2015 funda, xunto ao músico Nicolás Zamorano, a compañía Xarope Tulú, dedicada ao público familiar. Dende o ano 2017 colabora como *performer* co colectivo Blanco&Roja e coa artista Alba Blanco.



Andrea Quintana

Bailarina, bailadora, coreógrafa e artista interdisciplinar, formada en danza (clásica e contemporánea), artes vivas, artes plásticas e ilustración en España, Bélxica e Holanda.

Ten colaborado como intérprete con compañías como Voadora, Pablo Esbert, Pisando Ovos, Lipi Hernández, Cielo Raso, Daniel Abreu, Arrieritos, Ertza, Teresa Navarrete, La Terribilità, Patricia Ruz ou Hika Teatro. Entre as súas creacións independentes atópanse as pezas *Hollywood*, *Nada*, *Ángel Cojo*, *Garabato* (Premio

Injuve2012), *A Mano*, *Por el camino de Belvís* e *Nudos*, tendo prestado asesoramento de movemento para artistas como Alberto Cortés, Félix Fernández, LaMAcana, Janet Novás, Solène Coignard, Sara Vilardo, Cristina Balboa, Ánxela Blanco, Licenciada Sotelo e Maria Antonia Olivers.

Tamén traballa como mediadora cultural no proxecto nómada *La Buena Aventura*, a programación expandida do TRCDanza ou o Colectivo rpm.



María Roja

Actriz, *performer* e artista visual. Titulada superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia e licenciada en Belas Artes cun Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. No eido das artes vivas, traballou en compañías como Matarile, Contraproducións, o Centro Dramático Galego, Inversa, TrasPediente, Aporía, Galitoo, Xarope Tulú, Mago Teto ou Palimoco. Desenvolve, ademais, pezas performativas de creación propia ou colaborativas.

No campo audiovisual, participa nas longametraxes *Vilamor*, *Dos sonhos antes do cinematógrafo*, *Maratón*, *Lobos sucios* e *9 Fugas*, así como nas series de televisión *Hospital Real*; *Dalia, a modista* e *O sabor das margaridas*. É cofundadora dos colectivos de arte de acción *áIntemperie*, *Ohn* e *Blanco&Roja*. En 2016 foi galardoada co Premio María Casares á mellor actriz secundaria.



Laura Villaverde

Licenciada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, completa a súa formación no campo da interpretación en Nova York da man de Anne Bogart. Obtén unha bolsa para formar parte do programa de adestramento internacional Summer Theater Workshop en Skidmore College. Funda a súa propia compañía ArtesaCía a cabalo entre Galicia e Nova York, e ao mesmo tempo cofunda Extramuros, un espazo multidisciplinar, onde ensaia e investiga coa súa compañía escénica.

Actualmente está inmersa no proxecto *Chola&Lola*, un dos seus traballos máis persoais, e en UrsúasFilm, a súa primeira longametraxe.

O equipo artístico

Marta Pazos

ESCENOGRAFÍA

Directora de escena, escenógrafa e intérprete.
É directora artística e dramaturga da compañía Voadora.
Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona na especialidade de pintura, amplía a súa formación na Scuola Cònia da Societas Raffaello Sanzio, dirixida por Claudia Castellucci.

Algunhas das institucións coas que ten colaborado son o Teatro Real, Teatro Español, Teatre Lliure ou o Centro Dramático Galego.

As súas postas en escena estiveron presentes en escenarios internacionais como MA Scène Nationale (Francia), Festival de Almada (Portugal), Festival de Agosto (Mozambique), Festlip (Brasil), FITEI (Portugal), Festivais Gil Vicente (Portugal), Capital Europea da Cultura-Guimarães 2012 (Portugal).

En España, presentou as súas montaxes no Centro Dramático Nacional, Festival Temporada Alta, Festival de Almagro, Clásicos en Alcalá, Fringe, MIT Ribadavia, ou Escenas do Cambio.

Conta, entre outros galardóns, con tres premios de Teatro María Casares, dous como directora e un como escenógrafa; e o Premio de Honra "Dorotea Bárcena" XXIX FETEGA-2018 a toda a súa traxectoria.

Saturna

VESTIARIO

Saturna son Lola e Alicia Dapena.

Lola Dapena formouse en Fotografía Artística e Deseño de Moda na Escola Superior de Arte e Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela, especializándose en deseño de vestuario Parsons School of Design de Nova York.

Alicia Dapena é licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, coas especialidades en Historia do Arte e Museoloxía.

En 1995 crearon SATURNA, e baixo este nome teñen realizado o deseño de vestuario de numerosas producións de publicidade, cinema, teatro e televisión, dentro e fóra de Galicia.

Esther Quintas

CARACTERIZACIÓN

Tras licenciarse en Belas Artes pola Universidade de Vigo, trasládase a Barcelona para formarse en maquillaxe artística e efectos especiais en Stick Art Studio en 2003.

Empeza a súa carreira profesional como maquilladora traballando en varias edicións da Pasarela Cibeles. Regresa a Galicia como docente en Posticería na Escola de Imaxe e Son de Vigo (EISV), labor que combina con traballos como o de maquilladora na serie *Matalobos*, da TVG. Recentemente participou na serie *Ao final do Camiño* como axudante de maquillaxe. Tamén se encargou do deseño e realización da maquillaxe de producións como *Normas para saber vivir na sociedade actual*, de Sarabela Teatro; e *Martes de Carnaval*, do Centro Dramático Galego.

Wilma Moutinho

ILUMINACIÓN

Deseñadora de iluminación, iniciou o seu percorrido no Teatro Universitario do Porto. Formouse en produción, luz e son na ESMAE do Porto. Ten realizado creacións para danza, teatro, ópera e música; colaborando con artistas como Clara Andermatt, Fernando Moreira, John Mowat, José Carretas, Júnior Sampaio, João Paulo Costa, John Gardyn, Quico Cadaval, Leonor Keil, Nuno Carinhas, Nuno M. Cardoso, Marco da Silva Ferreira, Paula Diogo, Roberto Merino e Victor Hugo Pontes, Be-Dom, Clã, Cesária Évora, Foge Foge Bandido, Ornatos Violeta ou Lufa Lufa, entre outros. Actualmente é docente na Academia Contemporánea de Espetáculos e na Escola Superior de Educación de Viana do Castelo.

Ailén Kendelman

MÚSICA ORIXINAL E ADESTRAMENTO VOCAL

Cofundadora da compañía A Panadaría.

Actriz, creadora e compositora musical nas montaxes *Pan! Pan!* (candidata á mellor música nos Premios María Casares 2015), *Panamericana* e *Elisa e Marcela* (candidata á mellor música María Casares 2018).

É percusionista (marimba, vibráfono, batería, timbais, caixón flamenco, percusión corporal), violinista e posúe gran experiencia artística e docente en folclore galego. Funda o conxunto Áureas, no que é actriz, baterista, cantante e arranxista (Premio Martín Códax da Música 2017). Tamén é integrante de Boogie Backs (swing) e MJ Pérez (cantautora galega).

María Cabeza de Vaca

COREOGRAFÍA E MOVEMENTO ESCÉNICO

María Cabeza de Vaca, bailarina e coreógrafa, conta cunha longa traxectoria que comeza como intérprete en destacadas compañías de danza e teatro. Actualmente, combina a súa faceta de intérprete para outras compañías coa creación das súas propias pezas. Co seu último espectáculo, *Cabeza de Vaca*, gañou o premio á mellor intérprete 2018 outorgado pola asociación Escenarios de Sevilla.

O intercambio con outros creadores e a indagación noutras linguaxes artísticas son elementos constantes na súa traxectoria. Ten colaborado con creadores como o coreógrafo Guillermo Weickert, a artista visual Ro Sánchez, ou o músico Miguel Marín, entre outros.

Como docente, impartiu cursos en diversos conservatorios e universidades de España e como asistente coreográfica e directora de movemento escénico, traballou para o Centro Dramático Nacional e a compañía Teresa Navarrete, entre outras.

Rosa Moledo

ASESORÍA LINGÜÍSTICA

Especialista en tradución audiovisual, ten no seu haber numerosos traballos tanto para televisión como para cine, entre os que se poden citar: *Fisterra*, *Sei quen es*, *A lingua das bolboretas*, *Lena*, *Os luns ao sol*, *O misterio Galíndez*, *13 Badaladas*, *O lapis do carpinteiro*, *O ano da carracha*, *Abrígate*, *Agallas*, *Conexións*, *Cela 211*, *Engurras*, *O sexo dos anxos*, *A árbore magnética*, *Somos xente honrada*, *Os fenómenos* ou *O noso último verán en Escocia*.

Tamén é asesora e supervisora lingüística en numerosas sesións de dobraxe para televisión e cine, así como na rodaxe de diversos programas de entretemento e series televisivas, como son os casos de *Mareas vivas* e *Fariña*.

Carmen Triñanes

ASISTENCIA DE ESCENOGRAFÍA

Escenógrafa, vestiarista e iluminadora. Diplomada en Deseño de Moda polo Istituto Europeo di Design en Barcelona, tras graduarse traballa asistindo ao deseñador de vestiario Chu Uroz, —para La Fura dels Baus en diferentes óperas como *Babylon* na Ópera de Munich (2012), *Parsifal* na Ópera de Colonia (2013), *Sansone et Dalila* para a Ópera de Roma e o Palau de la Ópera de Valencia (2013-2015) ou *Aida* para L'Arena di Verona, Italia (2013)—. Participou como escenógrafa e vestiarista en diferentes producións de toda índole, como videoclips, concertos, pezas de videodanza, espectáculos de danza contemporánea, longas e curtametraxes.

Recentemente graduada en Arte Dramático na especialidad de Escenografía, Vestiario e Iluminación polo Institut del Teatre de Barcelona, recibiu unha bolsa Erasmus para a Universidade Aalto de Helsinki e a ZHdK de Zürich. Actualmente traballa como escenógrafa e asistente de dirección da compañía Voadora.

María Alonso

ASISTENCIA DE MÚSICA

Profesora de guitarra dedicada á interpretación como multiinstrumentista en diversas formacións e estilos (clásica, heavy metal, tradicional). Está especializada en Etnomusicoloxía no Conservatorio Superior de Música de Vigo, cidade onde colabora na Batukada Feminista e dirixe recentemente un proxecto coral de musicoterapia. Segue diferentes liñas de investigación arredor das músicas populares urbanas e de tradición oral, así como estudos de xénero e identidade referidos a estas.

Iria Azevedo

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Con máis de quince anos de experiencia como actriz, dramaturga, directora e docente teatral, é a fundadora das compañías Teatro do Miolo, Debullla Escénica e Acción Camándula. Como actriz traballou baixo a dirección de Marta Pazos, Quico Cadaval, Xúlio Lago e Ánxeles Cuña, entre outros. Traballou en *Martes de Carnaval*, do Centro Dramático Galego, e forma parte do reparto das series *Serramoura* e *Viradeira* para a TVG. Na súa vertente de escritora, acadou varios premios en poesía e en dramaturxia. Como docente participa na Tenda Summer School en Ferrara, ademais de fundar e codirixir as aulas municipais de teatro de seis concellos galegos.

Hugo Torres

ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN

Actor, músico, compositor e produtor. Comeza a súa traxectoria aos seis anos na compañía Trigo Limpo de Tondela (Portugal). Na década dos 90, trasládase a O Porto, onde se licencia en Teatro, especialidade de Interpretación, na ESMAE (Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo). De 1999 a 2006 forma parte do elenco estable do Teatro Nacional São João do Porto.

A inicios do 2000 trasládase a Barcelona para cursar estudos de cinema no CECC (Centre d'estudis Cinematogràfics de Catalunya).

Dende o ano 2007 vive en Santiago de Compostela, onde funda xunto a José Díaz e Marta Pazos a compañía Voadora.





CD€

CDG

www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)